



X ANIVERSARIO- Asoc. Amigos do Patrimonio  
de Castro Verde  
05 de novembro 2005 - 14 de novembro 2015

## **REFERENCIA AOS DEZ ANOS DE ASICIACIÓN (2005-2015)**

O día 5 de novembro ou de Santos do ano que corre, a Asociación Amigos do Patrimonio de Castro Verde cumpre o seu décimo cabodano. Lonxe queda aquela primeira xuntanza no Mesón do Camiño Ancho en decembro de 2003, (xuntarémonos unhas 26 persoas), xermolo da actual asociación, lembradas reunións de debates ás que tiveron o pracer de asistir, e vivir en primeira persoa e ver como un grupo de ousados e intrépidos veciños e amigos de Castro Verde, nuns casos coñecidos e noutros non, mais que parte deles tiñamos a intención de poñer a funcionar algo distinto, unha asociación, fundación... e que con moito sacrificio persoal por parte de todos, tomar a iniciativa de formar un equipo directivo para dirixir os destinos da nova asociación que se ía achegar a distintos e diversos espazos naturais da noso concello, da nosa provincia, da nosa Comunidade e mesmo da Península Ibérica.

As primeiras xuntanzas transcorreron entre decembro de 2003, como dicía, ata novembro de 2005. Desa primeira xuntanza non sei se quedaremos a metade, o noso desexo sería que todos os que estiveron dalgún xeito que volvan cando queiran, porque a tarefa segue aberta e é moito o traballo que queda por facer.

Desde as primeiras saídas por lugares como: Soutomerille, Val do río Tórdea, Montecubeiro, Furís, Cova da Valiña, etc. do noso Concello ata visitas ao Museo de Grandas de Salime. Logo de varios debates, o día 5 de novembro de 2005, constituíuse a asociación que primeiro ía chamarse Foro de Debate, Veciños, Amigos de Castro Verde, mais por motivos burocráticos non puido ser, e rematou denominándose Amigos do Patrimonio de Castro Verde.

Para conmemorar esta primeira década de existencia, entre outros actos, quixera presentar un vídeo, presentación, aínda que fose de xeito moi artesanal, onde se recollan imaxes dos múltiples roteiros planificados e percorridos polos socios/as da

Asociación neste período, testemuños fermosamente contados polos socios, misturados con imaxes evocadoras de tantas e inesquecibles experiencias compartidas, Irmandamentos cos Castro Verde / Castroverdes da P. Ibérica, sinalización de roteiros polo noso concello, colaboración con outras asociacións; URG, Foro do Camiño Primitivo... Comenzamos coa xuntanza anual de varias asociacións da provincia de Lugo e Coruña, e colaboramos, especialmente, coa Asoc. Terras de Lugo da que formamos parte da xunta directiva en todo o período (2009-2015), primeiro na secretaría e logo na vicepresidencia ata ao día de hoxe. Realizamos durante algúns anos actividades no CPI de Castro Verde, onde participaron, catedráticos, escritores e escritoras, publicamos ou participamos na edición de tres pequenos libros; As feiras de Castroverde no século XX, (2007) da autoría do noso Socio de Honra, Sr. Xosé M<sup>a</sup> Gómez Vilabella que, tan amablemente cedeu á asociación. Érase unha vez Castroverde, (2009) catálogo de fotos ( de quen isto escribe) e esculturas ou pinturas dos socios Nati Penado, Sr. Baldomero Pestana (falecido neste ano que corre e, para o que queremos ter unha especial lembranza desde este pequeno resumo), Juan Vila e Paco Pestana. Intinerarios polo Concello de Castroverde (2011) da miña autoría, coa colaboración de moitas persoas, especialmente da Xunta Directiva e, concretamente de; Pepe Yáñez, Manolo Gómez, Enrique G. Riobó, Felipe Arias e Antonio Ventura Figueroa, xerente de Terras de Lugo e actualmente secretario da asociación.

Como socio fundador e presidente da asociación quixera engadir á celebración desta conmemoración unha pequena e persoal contribución plasmada no presente documento cun resumo. Unha evocadora e sinxela homenaxe aos socios/as, amigos/as que, desde o comenzo, adicaron parte do seu tempo de lecer, familiar e persoal a axudarnos en diferentes campos e maneiras, amosarnos recunchos da noso concello, e fóra do noso concello, a explorar espazos escollidos e descoñecidos para asegurarse



que se poden transitar, a aventurarse na procura do mellor local para xantar, logo de rematar o roteiro, percorrido ou vista escollida, etc. Percorrer unha e outra vez os lugares que sinalizamos.

Oxalá foramos, a Asociación Amigos do Patrimonio de Castro Verde, quen de contribuír a divulgar e defender o Patrimonio cultural, artístico, monumental e natural, do Concello de Castro Verde tal como rezan os Estaturos e a páxina ou revista dixital que temos e, niso andamos meus amigos/as.

Saúde, Terra e Lingua.

Manolo Muñiz

## **A MIÑA ANDADURA COS AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTRO VERDE**

Hai uns nove anos que retornei a miña aldea natal para ocuparme dos meus maiores. Tiven a sorte de poder continuar a miña vida laboral no concello onde nacín. Viña acostumada a facer sendeirismo e votaba en falta algunha actividade así, polo que tratei de enterarme de qué grupos había por esta zona que saísen a camiñar. Non sei cómo me faloron de que en Castro Verde, había unha asociación deste tipo. Contactei con eles e xa me fixen socia de contado. Parecíame que estando tan perto e coñecéndonos a maior parte deles, sería unha boa oportunidade de relacionarme. Como o seu nome indica, este grupo de xente, ocúpase de cousas interesantes como son a recuperación do patrimonio, dar a coñecer o seu concello, percorrer os seus sendeiros, apreciar as súas árbores, os seus montes, denunciar todo aquilo que vaia en contra da desaparición das moitas reliquias históricas que nel se encontran, de

descubrir lugares ocultos, en situación de abandono, limpar os sendeiros, relacionarse con outros Castro Verdes de Portugal e de España, establecer contactos con outros grupos semellantes dos concellos próximos cos que se comparten saídas, dar a coñecer acontecementos de tipo cultural que están aí para todos, organizar feiras, mostras, celebracións que destacan polo seu carácter local e comarcal.

Trátase dun grupo moi heteroxéneo no que hai artistas, escritores, historiadores, docentes, cregos, músicos.... case todos eles viciños de Castro Verde, aínda que algunos non moren actualmente nesta viciñanza pero que seguen vinculados por moitas razóns e contribúen todos eles co seu facer, coa súa investigación e co seu aprecio polo común e propio que vale a pena conservar e dar a coñecer.

Dende o primeiro día, sentínme ben recibida. Non me resultaron nada alleos, senón, pola contra, moi familiares, coñecidos de coñecidos, amigos de amigos, sabedores de historias que eu tamén coñezo e, sobre todo, galego falantes.

Con eles percorrín moitas aldeas de Castro Verde, apreciando a riqueza paisaxística que este concello encerra. Ríos e muiños que non coñecía, igrexas, cemiterios, covas, antigas minas, casas solariegas.....e o Camiño Primitivo, que aínda que o tiña aquí ao lado, no meu concello, non souben da súa existencia ata que o descubrí con eles, facendo tramos por lugares insólitos e con historias que se ían contando ao paso, como as de Degolada e outras moitas.

Son nove anos de percorrido, non tan constante como quixera, pero suficiente para sentirme ancorada nesta terra na que nacín, e da que faltei un tempo longo e na que optei por ficar de novo para disfrutar da vida rural e dos moitas ventaxas que ofrece a inmersión na plena natureza.

Sentiría ben que este grupo desaparecera algún día por falta de medios ou por falta de

persoas que leven a súa organización, traballo que esixe dedicación, tempo e moita forza de vontade. Non é doado atopar líderes, persoas dispostas a encargarse de algo desta importancia e transcendencia. Chegado ese caso, votaríamos moito de menos este tipo de actividades nas que participamos xente de todas as idades e que nos serve de esparcemento ao mesmo tempo que nos activa a mente e nos cultiva o espírito. BEA

Soutomerille de lenda  
escasas reliquias deixas  
emblemáticas dabondo  
de nobreza e fidalguía.  
Unha igrexa peligrina  
unha pousada derruída  
un cemiterio escondido  
e tí, castiñeiro altivo  
O teu soto deuche nome  
a terra substancia viva  
esculpido na parede  
formas parte dunha linde  
dun camiño primitivo  
que vai por Soutomerille.

BEA PIN

## UNHA DÉCADA EN DEFENSA DO PATRIMONIO CULTURAL

Non poderei estar persoalmente, como eu ben quixera, na celebración do décimo aniversario da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, pois o mesmo sábado 14 de novembro a última hora da mañá teño que estar nunha Mesa redonda precisamente sobre Patrimonio Cultural dentro das VII Xornadas Mouras que organiza a Asociación de Defensa do Patrimonio das Pontes de García Rodríguez. Pero, en todo caso, dádeme por presente en Castroverde e, por descontado, como "adherido" a tan importante evento.

Con tal motivo, cómpreme facer unha moi breve reflexión sobre o que pode significar unha efeméride como esta.

Cando un tivo oportunidade de ver e afrontar os problemas do Patrimonio Cultural, maiormente o galego e o lucense, desde varios puntos de vista (o técnico-profesional, o político-administrativo e o social ou asociativo), puido comprobar de cotío a enorme importancia e o recoñecido valor que teñen precisamente as asociacións e entidades socias de base nos temas de defensa e difusión daquel Patrimonio. Unhas veces son as denuncias e os traballos ímprobos e gratuítos que realizan os socios destes colectivos os que permiten descubrir elementos ou conxuntos -patrimoniais ou naturais- case descoñecidos; noutras moitas ocasións chaman a atención das administracións (maiormente da "competente" neste tema, a da Comunidade Autónoma, así coma dos Concellos) sobre desfeitas e incurias varias; e aínda outros esforzos diríxense a facer os imprescindibles labores de difusión e divulgación. En fin, colaboran decisivamente e nunca se recoñecerá abondo de que maneira, na conservación, no coñecemento e na transmisión do noso extenso e variado acervo cultural.

Creo que está perfectamente comprobado que a Asociación de Castroverde é unha das máis activas que existen no país e, de por parte, que o seu papel é fundamental no concello ó que se dedica principalmente. Os resumos que han ver a luz ou que se lembrarán co gallo desta celebración da súa primeira década afórrannos maiores explicacións para certificar tal recoñecemento.

Pero si é interesante e moi importante salientar o inxente mérito que teñen os que levan o seu leme e tiran por unha asociación como a de Castroverde, tantas veces a costa e por medio de sacrificios persoais de toda tipo. Ata tal punto é así, é dicir, tanto hai que agradecerlles o seu meritorio traballo, ás veces en circunstancias difíciles, que hai que resaltalo sempre pois en moitas ocasións tal esforzo puidera parecer algo “normal” e corrente, e mesmo para algúns é un labor minoritario e pouco valorado, cando o certo é dunha gran esixencia persoal e tamén técnica. Os membros destas asociacións, que poden ser mesmo numerosos, déixanse levar ás veces por eses “motores de explosión” que tiran do carro, por esas persoas – directivos ou non – que cargan con case todos os traballos, pero isto non debera desanimar nunca a estes últimos pois tal actitude é abondo habitual en todas as asociacións e en colectivos de toda caste sen que iso significa ou debera significar necesariamente unha minusvaloración ou falta de aprecio por aqueles traballos. Ö cabo, moitos entenden que cumpren o seu papel apoiando simplemente co pagamento da cota anual, outros non poden colaborar na medida en que quixeran por razóns persoais, familiares ou profesionais e, en cambio, aínda hai quen, sen seren socios, botan unha man cando se lles solicita ou por propia vontade. Nestes temas patrimoniais todo pode e debe sumar porque, no tempo que vivimos e pese á existencia dunha maior conciencia social neste sentido –que nunca será abonda – sabemos que os problemas se multiplican.



Celebremos como se merece, xa que logo, a primeira década da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, conscientes de que debe seguir enfrontando traballos arduos e complicados, como difícil e complexa é a mesma xestión e o propio tratamento dese Patrimonio Cultural, aínda máis nestes tempos mercantilistas e economicistas que nos obrigan a loitar, como lembra o filósofo Nuccio Ordine, por defender a “utilidade do inútil”, isto é, para que a Humanidade sexa, mesmamente, máis humana e -perdón pola aliteración- para que se promova máis o estudo e a práctica das Humanidades.

***Felipe Arias Vilas***

# PRIMEIRAS XUNTANZAS, COMENZO DOS ROTEIROS E NACEMENTO DA ASOCIACIÓN

**2003/205**

| Nº | DATA       | XUNTAZAS<br>E / OU<br>LUGARES<br>VISITADOS | COMARCA – VISITAS  |  |
|----|------------|--|--|--|
| 1  | 27-12-2003 | Mesón Camiño<br>Ancho                      |  |  |
| 2  | 08-01-04   |  |  |  |
| 3  | 20-02-2004 | R. Pereira                                 |  |  |
| 4  | 10-04-2004 | R. Pereira                                 |  |  |
| 5  | 8-01-2005  | Bar Lenda                                  |  |  |
| 5  | 05-02-005  | Recuncho                                   | 1º Roteiro. San Martiño de Bolaño,<br>Cova da Valiña, Croa de Bolaño.<br>Visita a Marrondo |  |
| 6  | 09-04-2005 |  | 2º Roteiro. Visita a lugares que<br>serían obxecto do Roteiro Val do río<br>Tórdea.        |  |

|           |                   |                                     |   |          |
|-----------|-------------------|-------------------------------------|---|----------|
| <b>7</b>  | <b>11-06-2005</b> | <b>Casa Turismo Rural Longarela</b> | <b>3º Roteiro. Montecubeiro, convento, monumento ás vítimas de 1937, capela do Barreiro...</b>  |          |
| <b>8</b>  | 2-07-2005         | En Grandas de Salime                | 4º Roteiro. Grandas de Salime – Castro de San Marín – Muíños do Rosario                         | Asturias |
| <b>8</b>  | 17-09-2005        | Casa Portugués O Albardeiro         | 5º Roteiro. Furís-Castro Verde  |          |
| <b>9</b>  | 05-11-2005        | Mesón Camiño Ancho                  | 6º Roteiro. Soutomerille. Constitúese a Asociación.   |          |
| <b>10</b> | 17-12-2005        | Casa Portugués O Albardeiro         | 7º Roteiro. Miranda, Mirandela, Outeiro de Vellas, Miranda e visita a Casa Grande de Folgueiras |          |

| Nº | DATA | ROTEIROS, LUGARES VISITADOS E ENCONTROS COS CASTROVERDES | COMARCA | PROVINCIA |
|----|------|--|---------|-----------|
|----|------|--|---------|-----------|

## 2006

|          |                 |  |                               |          |
|----------|-----------------|--|-------------------------------|----------|
| <b>1</b> | <b>-01-2006</b> | <b>Encontros cos representantes municipais para presentarnos.</b>                                  |                               |          |
| <b>2</b> | 11-02-2006      | Primeiro encontro con Castoverde de Campos   | Castroverde de Campos         | Zamora   |
| <b>3</b> | 17-02-2006      | Reunión no Concello Vello para tratar dos Irmandamentos con asociación e representantes políticos. | Castroverde                   | Lugo     |
| <b>4</b> | 21-03-2006      | Conmemoración do día da árbore   | Castro Verde                  | Lugo     |
| <b>5</b> | 25-03-06        | 1º Roteiro do Camiño – A Vacariza Castroverde  | Castro Verde                  | Lugo     |
| <b>6</b> | 8-11-04-2006    | Primeira viaxe a Castro Verde de Portugal  | Alentejo                      | Portugal |
| <b>7</b> | 29-04-06        | Congreso Camiño Primitivo  | A Fonsagrada, Castroverde ... | Lugo     |
| <b>8</b> | 17-06-2006      | Roteiro por lugares de Castro Verde e vistia á Cortevella.   | O Cádavo e Castro Verde       | Lugo     |

|           |                     |  |                        |             |
|-----------|---------------------|--|------------------------|-------------|
| <b>9</b>  | <b>01-07-2006</b>   | <b>A Fornaza – A seimeira Vilagocende e Camiño Primitivo</b>   | <b>A Fonsagrada</b>    | <b>Lugo</b> |
| <b>10</b> | 27-08-2006          | Iª Feira de Artesanal e Inauguración dos pendellos da Feira.<br>- Participación na Primeira Feira Artesá. Pregón do noso Socio de Honra, Sr. Vilabellella. | Castro Verde           | Lugo        |
| <b>11</b> | 02-09-2006          | Varios lugares de Montecubeiro, visitando o muíño de Laxe.   | Castro Verde           | Lugo        |
| <b>12</b> | 16-09-2006          | Primeiro encontro con Castroverde de Cerrato   | Castroverde de Cerrato | Valladolid  |
| <b>12</b> | 14-10-206           | Ribadavía  | Rivadavía              | Ourense     |
| <b>13</b> | 21-10-2006          | Sárria – Samos coa Asoc. Arcas de Sárria   | Sárria                 | Lugo        |
| <b>14</b> | 04-11-2006          | Primeiro encontro dos Castroverdes   | Castroverde            | Lugo        |
| <b>15</b> | 03-09-22 do 11-2006 | Conferencias no CPI de Castroverde   | Castroverde            | Lugo        |
| <b>16</b> | 02-12-2006          | Roteiro por Furís e As Cernadas  | Castroverde e Baralla  | Lugo        |

| Nº            | DATA            | ROTEIROS, LUGARES VISITADOS E ENCONTROS COS CASTROVERDES   | COMARCA             | PROVINCIA             |
|---------------|-----------------|--|---------------------|-----------------------|
| <b>2007</b>   |                 |  |                     |                       |
| <b>1</b>      |                 | <b>Roteiro de Córneas- A Meda – Barredo ata o Camiño Primitivo. Tal como estaba previsto, subimos desde a Rotonda de Paderne ata á aldea de Córneas.</b>   | <b>Castro Verde</b> | <b>Lugo</b>           |
| <sup>2</sup>  | 10-02-2007      | Outeiro (Forno da Vella)-Santa Xuliana- Gracián-Paderne  | Castro Verde        | Lugo                  |
| <sup>3</sup>  | 09-03-2007      | O CPI de Castrovverde, xunto coa Asoc. Amigos do Patrimonio de Castrovverde, para celebrar o día da Internacional da Muller.<br>Presentacións do libro; <u>As feiras de Castrovverde no século XX</u> , coa intervención de Eduardo Carreira González. | Castro Verde        | Lugo                  |
| <sup>4</sup>  | 10-03-2007      | Roteiro de: Francelos – Serés – Rebordaos, Cova da Valiña- Bolaño- Castrovverde.   | 13-01-2007          | Lugo                  |
| <sup>5</sup>  | 15-03-2007      | Presentación na Galería Sargadelos de Lugo; de Xosé Mª G. Vilabella, <u>As feiras de Castrovverde no século XX</u> .   | Lugo                |                       |
| <sup>6</sup>  | 21-03-2007      | Saúdo á primavera coa lectura de poemas en varios lugares de Castro Verde.   | Castro Verde        | Lugo                  |
| <sup>7</sup>  | 24-03-2007      | Viaxe ao Concello de Vedra.  | Vedra               | Pontevedra            |
| <sup>8</sup>  | 01-04-2007      | Socios de Amigos do Patrimonio participan na feira de Castrovverde, recollendo sinaturas para pedir a protección de Pena Branca.   |                     | A Coruña e Pontevedra |
| <sup>9</sup>  | 3 e 4 -04-2007  | Visita a diversos lugares das cidades de Santiago e Pontevedra.  |                     |                       |
| <sup>10</sup> | 12 e 13-05-2007 | A Asociación participou nas Xornadas de ADEGA en defensa do Patrimonio paisaxístico do Courel.   |                     |                       |



|    |               |  |                       |          |  |
|----|---------------|--|-----------------------|----------|--|
| 11 | 17-05-2007    | Percorrido pola Marronda e Camiño Primitivo desde a Vacariza a Vilabade con socios da Asoc. Francisco Lanza de Ribadeo.  | Cádavo e Castro Verde | Lugo     |  |
| 12 | 23-06-2007    | Roteiro polas Parroquias de Furís e Páramo.  | Castro Verde          | Lugo     |  |
| 13 | 14-07-2007    | Participar nos Actos da conmemoración dos 550 anos de Vilabade   | Castro Verde          | Lugo     |  |
| 14 | 04-08-2007    | Roteiro por Barreiros ata os Castros. Xunto co grupo de Pena Tallada, da Asoc. Francisco Lanza de Ribadeo.   | Ribadeo - Barreiros   | Lugo     |  |
| 15 | 23-25-08-2007 | PRIMEIRO Irmandamento entre os Castroverdes da Península Ibérica: Castro Verde de Beja (Portugal), Castroverde de Campos (Zamora), Castroverde de Cerrato (Valladolid) e o noso Castroverde. | Castro Verde          |          |  |
| 16 | 1 e 2 -09-07  | Participar coa Asoc. Arume do Corgo en Roeteiros e conferencias.   | O Corgo               | Lugo     |  |
| 17 | 15-09-2007    | Roteiro pola Península de Bezoucos. Redes – Ares.  | Ares - Mugar dos      | A Coruña |  |
| 18 | 28-09-2007    | Acompañar Asoc. Fonte da Xonza de Friol a Castroverde. Visita a : Soutomerille, Campo da feira, Torre de homenaxe, Mirador e Vilabade.   | Castro Verde          | Lugo     |  |
| 19 | 20-10-2007    | Participar en Actos celebrados pola Escola de Arquitectura da Coruña no lugar de Redes.  | Redes                 | A Coruña |  |
| 20 | 27-10-2007    | Roteiro polo Courel, xunto coa Asoc. Arcas de Sárria.  | O Courel              | Lugo     |  |
| 21 | 10-11-2007    | Roteiro polo Camiño Primitivo; Castroverde- San Miguel- Penalonga, e dese aquí subir a Recesende para limpar os sartegos desta parroquia e os da parroquia de Goi                            | Castro Verde          | Lugo     |  |
| 22 | 01-12-2007    | Visita Castroverde de Campos para agradecer e continuar coa idea dos Irmandamentos.  | Castroverde de Campos | Zamora   |  |
| 23 | 15-12-2007    | Roteiro para despedir o ano: Vilabade – Vilalle - Frairía – Masoucos – O Albardeiro.   | Castro Verde          | Lugo     |  |

2008

| Nº | DATA                      | ROTEIROS, LUGARES VISITADOS E ENCONTROS COS CASTROVERDES   | COMARCA                 | PROVINCIA     |
|----|---------------------------|--|-------------------------|---------------|
| 1  | Xaneiro-2008              | Acto. Lugo a mellor cidade mundo   | Lugo                    | Lugo          |
| 2  | Xaneiro e febreiro - 2008 | Alegacións ao encauzamento do río Chamoso en Bolaño.   | Castro Verde            | Lugo          |
| 3  | 19-01-2008                | Roteiro - A Vacariza – Bolaño e limpeza das Lagas de Bolaño  | Castro Verde            | Lugo          |
| 4  | 01-02-2008                | Antón López Rivas ( O Mago Antón) actua no CPI de Castroverde  | Castro Verde            | Lugo          |
| 5  | 08-02-2008                | 50 anos da guerra de Ifni. Sr. Gómez Vilabella. CPI de Castroverde   | Castro Verde            | Lugo          |
| 6  | 14-02-2008                | Asociación Homes para igualdade. <u>A violencia de xénero</u> . CPI de Castroverde   | Castro Verde            | Lugo          |
| 7  | 16-02-2008                | Roteiro polo Camiño Primitivo. Vilar-Lugo.   | Castro Verde - Lugo     | Lugo          |
| 8  | 20-02-2008                | <u>A violencia de xénero</u> . Mercedes Mourenza. CPI de Castroverde   | Castro Verde            | Lugo          |
| 9  | 27-02-2008                | Grupo “Migallas Teatro” que expuso temas de situacións actuais tratando diversos aspectos, entre eles o da violencia de xénero. CPI de Castroverde | Castro Verde            | Lugo          |
| 10 | 06-03-2008                | Actuación de Bieito Lobariñas e Luís Correa -O Caruncho. CPI de Castroverde  | Castro Verde            | Lugo          |
| 11 | 16-18-03-2008             | Viaxe cultural por León e Oviedo   | Cidades                 | León e Oviedo |
| 12 | 26-03-2008                | Visita do Concello de Vedra ao Concello de Castroverde   | Castro Verde            | Lugo          |
| 13 | 12-04-2008                | Roteiro: O Acebo – A Fonsagrada - A Póboa de Burón   | Fonsagrada              | Lugo          |
| 14 | 19-04-2008                | Reunión AGADER no Concello de Castroverde.   | Castro Verde            | Lugo          |
| 15 | 19 -26-04-2008            | Encontros AGADER no Centro Comarcal de Terra de Lemos.   | Monforte                | Lugo          |
| 16 | 1-3-05-2008               | Encontro dos Castroverdes Da Península Ibérica en Castro Verde do Alentejo.  | Castro Verde - Alentejo | Portugal      |

|    |               |   |                              |               |
|----|---------------|---|------------------------------|---------------|
| 17 | 08-05-2008    | <b>Presentación de 12 árbores, 12 séculos Árbores senlleiras no Camiño Primitivo de Santiago de Ricardo G. Polín.</b>   | Lugo                         | Lugo          |
| 18 | 11-05-2008    | Convocatoria GDR4. A finais de decembro, levamos participado en máis de 20 reunións. A Asoc. Amigos do Patrimonio forma parte da Xunta Directiva do GDR4.   | Orbazai                      | Lugo          |
| 19 | 14-05-2014    | Participar coa Asoc. Arumes do Corgo  | O Corgo                      | Lugo          |
| 20 | 31-05-2008    | PRIMEIRO ROTEIRO Asociacións: Caamouco-Redes, Asoc. Arcas de Sarria, Asoc. Arumes do Corgo, representante de Pena Tallada e Amigos do Patrimonio de Castroverde por Terras do Chamoso (Castroverde – O Corgo)<br>O ALBARDEIRO-A PUMAREGA – URIZ –GOI-QUEIZÁN. | Castro Verde e O Corgo       | Lugo          |
| 21 | 14-06-08      | IVº roteiro polo Camiño Primitivo: A Fonsagrada- A Lastra.  | A Fonsagrada                 | Lugo          |
| 22 | 27-29-06-2008 | Participar no Congreso de OSPEA. Camiño Primitivo.  | Varios lugares               | Lugo          |
| 23 | 2-3-08-2008   | <b>Acto de Irmandamento en Castroverde de Campos.</b>   | <b>Castroverde de Campos</b> | <b>Zamora</b> |
| 24 | 12-08-2008    | Roteiro polo Río Xunco  | Cervo                        | Lugo          |
| 25 | 15-23-08-2008 | Proxección Terras de Castroverde nas festas de Vilar e Bolaño.  | Castro Verde                 | Lugo          |
| 26 | 24-08-2008    | Participación, na IIIª feira artesanal e gastronómica de Castroverde con; Proxección. Terras de Castroverde.  | Castro Verde                 | Lugo          |
| 27 | 13-14-09-2008 | Participar no roteiro e Actividade coa Asoc. Arumes do Corgo.   | O Corgo                      | Lugo          |
| 28 | 20-09-08      | Roteiro polo río Loio xunto coa Asoc. Arcas de Sarria.  | Sarria                       | Lugo          |
| 29 | 17-10-2008    | Conferenciade D. Xesús Alonso Montero. <u>No centenario da morte de CURROS ENRÍQUEZ</u> . NOMEAMENTO DE SOCIO DE HONOR  | Castro Verde                 | Lugo          |
| 30 | 18-10-2008    | Roteiro pola Vía romana XIX. A Abelleira ata Tórdea.  | Castro Verde                 | Lugo          |
| 31 | 07-11-2008    | Conferencia. Novas masculinidades contra a violencia de xénero.   | Castro Verde                 | Lugo          |
| 32 | 08-11-2008    | m) Vº roteiro polo Camiño Primitivo (A Lastra- A Vacariza)  | O Cádavo –Castro Verde       | Lugo          |
| 33 | 20-12-2008    | Roteiro. Castroverde- San Miguel – Penalonga – Fontao –Bolaño.  | Castro Verde                 | Lugo          |

## 2009

| 1 | 10-01-2009      | Roteiro polo Camiño Primitivo – Lugo   | Lugo                                       | Lugo    |
|---|-----------------|--|--|---------|
| 2 | 02-02-2009      | a) A historia de Castroverde<br>Hortensio Sobrado: <u>Historia de Castroverde: Dos primeiros poboadores á época dos pazos.</u> | Vª ACTIVIDADE<br>NO CPI DE<br>CASTRO VERDE | Lugo    |
| 3 | 11-02-2009      | Xavier Blanco: <u>A evolución dos instrumentos pobres.</u>   | Act.. CPI C. V.                            | Lugo    |
| 4 | 14-02-2009      | Roteiro C. Primitivo.S. Lázaro- S.Román da Retorta   | Lugo - Guntín                              | Lugo    |
| 5 | 18-02-2009      | Daniel López Vispo : <u>Os ríos na cultura e na economía de Galiza</u>   | Act.. CPI C. V.                            |         |
| 6 | 20-02-2009      | Emilio Carral: <u>Que é un Río?</u>  | Act.. CPI C. V.                            |         |
| 7 | 27-02-2009      | Xosé Luís F. Sarceda: A parroquia de Vilabade.   | Act.. CPI C. V                             |         |
| 4 | 14-03-2009      | Roteiro. Mesón de Fraiás - Nadelá - Castiñeiro do Neto – Soutomerille - As Barancas.   | Castro Verde                               | Lugo    |
| 5 | 06 e 07-02-2009 | Ourense: Castro de S. Cibrao de Las, Catedral, Museo, Burgas., mosteiro de Oseira. Visita a Celanova e Allariz.                | Celanova, Bande, Allariz...                | Ourense |
| 6 | 25-04-2009      | Arrubial-Augalevada-Matela- Resubil-Latadal-Couso-Pereira-Furís de Arriba.Xunto coa Asociación Arcas de Sarria.                | Castro Verde –<br>Baralla                  | Lugo    |
| 7 | 23-05-2009      | Inauguración do Roteiro de Soutomerille  | Castro Verde                               | Lugo    |

| 8  | 30-05-2009                | Roteiro por Redes, comarca de Ferrol, xunto con outras asociacións  | Redes - Ares                        | A Coruña        |
|----|---------------------------|---|-------------------------------------|-----------------|
| 9  | 27-06-2009                | Roteiro pola Foz das Aceas de Sarria, coa Asoc. Arcas de Saria.   | Sarria                              | Lugo            |
| 10 | 2009                      | EDICIÓN DO CATÁLOGO; <u>ÉRASE UNHA VEZ CASTROVERDE</u>  |                                     |                 |
| 12 | 11-07-2009                | Roteiro por Estaca de Bares   | Mañón                               | A Coruña        |
| 13 | 24-08-2009                | Exposición e presentación de Terras de Castroverde, <b>na IVº feira artesanal. E 25 anos da Asoc. Espalladoira.</b> | Castro Verde                        | Lugo            |
|    |                           | NON HOUBO IRMANDAMENTO DOS CASTRO VERDES DA P. IBÉRICA  | Correspondia a C. Verde do Alentejo |                 |
| 14 | 05-09-2009                | Comenzar a preparar o Roteio Val do río Tórdea.   | Castro Verde                        | Lugo            |
| 15 | 11-09-2009                | Participación na XXXIIº Romaxe Irimega  | Aguiño - Ribeira                    | A Coruña        |
| 16 | 23-09-2009                | Presentación das actividades desenvolvidas pola Asociación na <u>REVISTA ORAL Nº 19, DO MUSEO PROVINCIAL.</u>       | Lugo                                | Lugo            |
